

**Xénero, saúde e
psicoloxía:**

Diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

Xornada formativa organizada pola
Comisión Intersectorial Feminista do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia





Programa

Xénero, saúde e psicoloxía: diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

ORGANIZA: Comisión Intersectorial Feminista

COORDINA: Concepción Fernández Fernández (G-3497)

DURACIÓN: 10 horas

DATAS: 12 e 13 de marzo de 2026

HORARIO: Xoves 12 de 17:00 a 20:00 horas e venres 13 de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas

MODALIDADE: Presencial

LUGAR REALIZACIÓN: Facultade de Psicoloxía e Librería Lila de Lilith

PRAZAS: 100

Xénero, saúde e psicoloxía: diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

OBXECTIVOS:

- Reflexionar sobre a formación e a practica profesional de psicólogas e psicólogos desde unha perspectiva feminista.
- Conmemorar a publicación de *Psicología y género* e actualizar as súas contribucións á formación e práctica profesional da psicoloxía.
- Analizar os malestares psicolóxicos desde unha perspectiva feminista, coas variables da saúde mental, desigualdade de xénero e contexto sociocultural.
- Reflexionar sobre o impacto das violencias machistas na vida das mulleres.
- Promover o diálogo interdisciplinar sobre as causas e abordaxes dos malestares, desigualdades e violencias de xénero.
- Explorar novas realidades en torno ás identidades, os corpos e os xénero, xunto cos seus efectos sobre a saúde psicolóxica.
- Difundir os programas, servizos e recursos en materia de prevención da violencia de xénero e promoción do bo trato impulsados polo COPG.

METODOLOXÍA:

Actividade de carácter presencial para favorecer un clima de confianza e participación activa, no que se promova o pensamento crítico, a creación de rede profesional e a implicación coas temáticas abordadas, con múltiples formatos:

- Conferencias e exposicións.
- Diálogos a través de mesas redondas que propicien o intercambio de ideas e a aprendizaxe compartida.



Xénero, saúde e psicoloxía: diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

PREZOS:

- Psicólogas/os colexiadas/os demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento en psicoloxía _____ 20,00€
- Psicólogas/os colexiadas/os _____ 40,00€
- Psicólogas/os non colexiadas/os _____ 80,00€

Neste curso podes optar ás prazas gratúitas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

INSCRICIÓN:

- Online a través da **sede electrónica** do COPG: <https://sede.copgalicia.gal/eAdmin/Registrar.do?action=comenzar&tipoReg=232>
- Enviando ao **correo electrónico** copgalicia@copgalicia.gal o boletín de inscrición e xustificante de transferencia a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN N° ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL

Prazo: 5 de marzo de 2026

Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

A xornada terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas colexiadas do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.



Xénero, saúde e psicoloxía: diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

PROGRAMA:

Xoves 12 de marzo. Facultade de Psicoloxía da USC

17.00 a 18:30 horas | ***Diálogo 1 – Identidades, xéneros e incertezas.***

Participantes:

Carlos Álvarez García (G-2040). Psicólogo profesional vencellado á práctica clínica e á análise das identidades contemporáneas no marco profesional galego.

Ricardo Fandiño Pascual (G-1955). Psicólogo clínico, experto no traballo con adolescentes e familias.

Penélope Alonso Vázquez (G-3277). Psicóloga con ampla experiencia en intervención social e igualdade. Especializada en atención a mulleres en contextos de vulnerabilidade e violencia de xénero.

20:00 horas. Librería Lila Lilith (R. Travesa, 7, 15704 Santiago de Compostela)

Presentación do libro “**Nuestra menopausia: una versión no oficial**”, de **Anna Freixas Farré** na Librería Lila de Lilith.

Venres 13 de marzo. Facultade de Psicoloxía da USC

09:15 – 09:45 | Recepción e entrega de documentación.

09:45 – 10:00 | Acto de benvida.

10:00 – 11:30 | Conferencia inaugural: “Envellecer con liberdade e benestar, é posible”.

Anna Freixas Farré. Doutora en Psicoloxía e profesora xubilada da Universidade de Córdoba. Pioneira no desenvolvemento da psicoloxía feminista en España, experta en envellecemento das mulleres.

11:30 – 12:00 | Pausa café



Xénero, saúde e psicoloxía: diálogos para unha intervención con perspectiva feminista

PROGRAMA:

12:00 – 13:30 | Diálogo 2 – ***Violencias de xénero: onde estamos e cara onde camiñamos***

Participantes:

Victoria Canosa Raña (G-2151). Psicóloga sanitaria. Especializada en intervención psicolóxica con perspectiva feminista e atención integral á saúde das mulleres.

Ana López-Suevos. Maxistrada e Xuíza do Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago. Referente na aplicación da perspectiva de xénero na xustiza. Redactora do Protocolo de actuación sobre delitos sexuais.

13:30 – 14:30 | ***Unha ollada sobre os programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero do COPG.***

14:30 – 16:00 | Pausa para xantar

16:00 – 17:30 | ***Conferencia: “Psicoloxía e feminismo. Discriminación de xénero nos modelos normativos actuais”***

Esther Barberá Heredia. Catedrática de Psicoloxía Básica na Universidade de Valencia. Especialista en psicoloxía do xénero, motivación e saúde. Foi editora principal de *Psicología y género*, obra de referencia académica en España.

17:30 – 18:00 | Pausa café.

18:00 – 19:30 | ***Diálogo 3 – Xénero e saúde: de que padecemos as mulleres?***

Participantes:

Flora Miranda Pena. Médica de familia con especialización e ampla experiencia no enfoque de xénero dentro de Atención Primaria.

Rosa Cerqueiro Landín (G-2706). Psicóloga clínica e voceira do Movemento Galego da Saúde Mental. Experta en saúde mental e xénero con traxectoria no ámbito sanitario público.

Luísa Kirmayer Cadarso (G-6520). Psicóloga e orientadora educativa.

19:30 – 20:00 | Clausura.

